

## BASES DE PARTICIPACIÓN

### DOS II PREMIOS DE COMUNICACIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA

Os II Premios de comunicación turística “Terras de Pontevedra” están dotados economicamente dentro do proxecto “**II PREMIOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA**”, en colaboración coa Mancomunidade Terras de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia.

Estes premios teñen como finalidade dar a coñecer o rico patrimonio turístico de **Terras de Pontevedra** (Campo Lameiro, Marín, Poio, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa) aos turistas/visitantes que veñen ao destino a través da imaxe, dun xeito visual e desestacionalizado, xa que todas as épocas do ano son propicias para visitar e desfrutar das Terras de Pontevedra e dos seus encantos.

#### 1. OBXECTIVO

O obxectivo destas bases é o de regular o procedemento de participación nos “**II Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra**”.

#### 2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Existen 4 categorías de participación, todas elas para persoas maiores de 18 anos.

Estas categorías son:

1. Natureza e biodiversidade
2. Praias, rías e ríos
3. Micoloxía e arte rupestre
4. Camiño de Santiago, gastronomía e festas

A temática de cada unha das categorías vai implícita na súa denominación:

1. **Natureza e biodiversidade:** a temática das fotografías presentadas a esta categoría estará centrada nos recursos naturais e a biodiversidade existente nun ou en varios dos concellos da Mancomunidade Terras de Pontevedra.

2. **Praias, ría e ríos:** as fotografías que se presenten aos premios dentro desta categoría deberán poñer en valor os areais costeiros dos concellos da mancomunidade, as rías de Pontevedra e Vigo nos tramos pertencentes a estes concellos ou os propios cursos fluviais existentes no territorio.
3. **Micoloxía e arte rupestre:** poderán presentarse a esta categoría fotografías que poñan en valor as ricas e abondosas manifestacións de arte rupestre existentes nos concellos da Mancomunidade Terras de Pontevedra ou aquelas que reflictan os valores micolóxicos do territorio.
4. **Camiño de Santiago, gastronomía e festas:** Camiño de Santiago ao paso por Terras de Pontevedra, as festas, as receitas típicas e a súa materia prima serán os eixes temáticos das fotografías presentadas a esta categoría.

A organización dos premios resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxos contidos non se correspondan con estas temáticas ou sexan obscenos, violentos, sexistas, racistas ou vulneren algún dereito fundamental das persoas.

### 3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os requisitos de participación son os seguintes:

- Ser **maior de idade** na data e hora de peche do prazo para a presentación das fotografías.
- **Encher o [formulario de inscrición](#) adxuntar as fotografías.**
- Os participantes non poderán presentar a estes premios fotografías que xa foran premiadas con anterioridade noutros premios ou concursos.

Os participantes responderán ante a Mancomunidade Terras de Pontevedra da autoría e orixinalidade das fotografías presentadas a estes premios, que deberán ser da súa propiedade, tendo ademais todos os dereitos de distribución das mesmas.

Os participantes se responsabilizarán da non existencia de dereitos de terceiros nas fotografías presentadas a estes premios, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe, deixando por tanto á Mancomunidade Terras de Pontevedra indemne fronte a calquera reclamación que, neste sentido, puideran efectuar terceiras persoas, inclusive as derivadas do incumprimento da lexislación vixente sobre honra, intimidade, injurias e calumnias, dereitos de imaxe ou de expresións que puidesen ser consideradas difamatorias u obscenas.

#### **4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS FOTOGRAFÍAS PRESENTADAS**

As fotografías presentadas poderán ter sido realizadas entre outros con cámaras fotográficas, tablets, teléfonos móbiles ou outros dispositivos.

Os formatos admitidos para as fotografías presentadas aos premios serán JPG, JPEG ou PNG, non excedendo o tamaño do arquivo os 5 MB.

Está permitida a participación nestes premios tanto con fotografías en cor como en branco e negro.

Non está permitido o emprego de bordes ou marcos nas fotografías nin a inclusión nas fotografías de marcas de auga ou sinaturas.

#### **5. INSCRIPCIÓN DOS TRABALLOS**

O envío das fotografías farase exclusivamente en formato dixital.

Os participantes poderán inscribirse nestes "II Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra" a través dun [formulario de inscrición](#) deseñado ao efecto.

No formulario de inscrición web, e antes de enviar as fotografías, deberanse cubrir os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- DNI
- Teléfono de contacto
- Correo electrónico
- Categoría
- Lugar da fotografía
- Aceptar consentimento
- Aceptar política de privacidade
- Adxuntar fotografía (jpeg, jpg, png, máximo 5MB)

Cada participante poderá presentar un máximo dunha fotografía para cada unha das categorías reflectidas no punto 2 destas bases.

No caso de participar nos premios con máis de unha fotografía, os participantes cubrirán tantos formularios como fotografías presenten a estes premios.

Os datos facilitados deberán ser veraces, non estando permitida a participación baixo pseudónimo.

Os autores das fotografías autorizan a súa publicación para a súa difusión a través do blog [rutasterrasdepontevedra@blogspot.com](mailto:rutasterrasdepontevedra@blogspot.com) así como na web ou nas redes sociais da Mancomunidade Terras de Pontevedra.

## **6. PRAZO DE INSCRICIÓN**

O prazo de inscrición nos premios será o comprendido entre as 00:00h do 01/10/2019 e as 23:59h do 11/11/2019

## **7. MECÁNICA DOS PREMIOS**

A mecánica dos premios é a seguinte:

A organización dos premios seleccionará as mellores fotografías recibidas, que serán publicadas no fotoblog da mancomunidade [rutasterrasdepontevedra@blogspot.com](mailto:rutasterrasdepontevedra@blogspot.com) etiquetando cada unha das fotos co nome da categoría correspondente e indicando en pe de foto o nome do autor e o lugar da fotografía.

De entre todas as fotografías subidas ao fotoblog pola organización dos premios, **o xurado elixirá a fotografía gañadora para cada unha das categorías.**

## **8. PREMIOS**

Haberá unha fotografía gañadora para cada unha das categorías:

- Natureza e biodiversidade
- Praias, rías e ríos
- Micoloxía e arte rupestre
- Camiño de Santiago, gastronomía e festas

Os gañadores de cada unha destas categorías serán obsequiados cunha estancia de fin de semana (de venres a domingo con almorzos incluídos) para dúas persoas nun aloxamento rural de Terras de Pontevedra.

O xurado encargado de outorgar os premios estará integrado por profesionais da materia: un/ha técnica de turismo da Mancomunidade de Terras de Pontevedra, un/unha experto/a en patrimonio cultural/natural e un/unha profesional do eido da comunicación.

O xurado terá en conta e valorará especialmente nas súas deliberacións os seguintes aspectos:

- A adecuación as bases.
- A calidade das imaxes.
- A creatividade e orixinalidade dos traballos presentados.
- A adecuación temática no referente á posta en valor do patrimonio turístico das Terras de Pontevedra segundo as diferentes categorías establecidas, en concreto o referente ao patrimonio turístico nos ámbitos da arte rupestre, as praias, rías e ríos, os valores micolóxicos, os recursos naturais e a gastronomía dos concellos que forman parte da mancomunidade así como o Camiño de Santiago ao seu paso polos mesmos.

A organización destes premios poderá descartar aquelas fotografías que non reúnan os requisitos fixados nestas bases e que non teñan un mínimo imprescindible de calidade.

Por mor de posibles descualificacións dos premiados ou outro tipo de incidencias que puideran xurdir cos mesmos, o xurado determinará ademais dos gañadores a listaxe de suplentes para cada unha das categorías a concurso.

O Xurado, en última instancia, poderá declarar os premios como desertos no caso de que os traballos non alcancen o mínimo de calidade esixida polo mesmo.

A resolución do xurado será inapelable.

O resultado da deliberación do xurado publicarase na web da Mancomunidade Terras de Pontevedra [www.terrasdepontevedra.org](http://www.terrasdepontevedra.org) no blog [rutasterrasdepontevedra.blogspot.com](http://rutasterrasdepontevedra.blogspot.com) e nas súas Redes Sociais.

A comunicación dos gañadores e entrega de premios producirase en data por concretar a finais do mes de novembro de 2019.

## **9. DESCUALIFICACIÓNS E PENALIZACIÓNS**

No caso de que se poña de manifesto que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nestas bases, ou os datos proporcionados para participar non foran válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos do concurso, perdendo todo o dereito sobre os premios que puideran ter obtido.

## **10. DEREITOS E OBRIGAS**

Será responsabilidade dos participantes contar coas autorizacións pertinentes sobre o material empregado nos traballos, referido aos dereitos de propiedade intelectual, dereitos de autor, de explotación, de honra, intimidade e imaxe, así como calquera outro dereito de terceiros.

Do mesmo xeito, responsabilizaranse tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nos traballos, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido.

A organización dos premios declina toda responsabilidade legal sobre os traballos presentados e sobre o seu contido.

Os premiados autorizan á Mancomunidade Terras de Pontevedra á publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, das obras presentadas con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Os dereitos adquiridos pola Mancomunidade Terras de Pontevedra non alcanzarán, en ningún suposto, a transmisión dos dereitos da propiedade intelectual. Só é unha cesión das fotografías seleccionadas para a súa publicación, reprodución e/ou distribución, a través web da Mancomunidade Terras de Pontevedra [www.terrasdepontevedra.org](http://www.terrasdepontevedra.org) do blog [rutasterrasdepontevedra@blogspot.com](mailto:rutasterrasdepontevedra@blogspot.com) e das súas Redes Sociais, dentro do marco do interese público e a finalidade institucional de divulgación para alcanzar os obxectivos da organización desta actividade, de maneira que todos os participantes manterán sempre os dereitos de autoría sobre as súas fotografías, e os créditos se lle

atribuirán no mencionado blog da Mancomunidade [rutasterrasdepontevedra@blogspot.com](mailto:rutasterrasdepontevedra@blogspot.com), web e nas súas redes sociais.

Estes dereitos exercitaranse sempre co recoñecemento da súa condición de autor/a, excepto manifestacións en contra.

## **11. PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) e do R.D. 1720/2007, de 21 de diciembre, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de la LOPD, informamos que os datos persoais que puideran recompilarse para a xestión da participación nos presentes premios, e coa única finalidade de xestión do presente concurso, incluíranse nun ficheiro titularidade da organización.

O uso destes datos restrinxirase exclusivamente á xestión dos mesmos dentro dos “II Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra”.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo [premios@terrasdepontevedra.org](mailto:premios@terrasdepontevedra.org) anexando copia do DNI.

## **12. FISCALIDADE**

Aos premios do presente concurso aplicaráselle a lexislación fiscal española.

Calquera obrigação tributaria que se derivase do premio para o gañador, será por conta deste e da súa exclusiva responsabilidade, calquera que sexa a xurisdición na que resulte aplicable. Os premiados quedan obrigados a cumprir as obrigações fiscais que resulten aplicables na súa xurisdición de residencia. En consecuencia, os premiados, ao aceptar as presentes bases legais, quedan informados das consecuencias tributarias de todo tipo que puideran derivarse da obtención dos premios sen que a Mancomunidade Terras de Pontevedra nin a entidade pagadora asuman responsabilidade algunha por dita causa.

## **13. CAMBIOS E ACEPTACIÓN DAS BASES**

A organización resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases no caso de que por calquera imprevisto ou omisión fora necesario.

A participación nestes premios supón automaticamente a aceptación destas bases.

O incumprimento dalgún apartado das mesmas dará lugar á exclusión automática do participante.

Calquera aspecto non recollido nas bases queda baixo criterio da organización.

#### **14. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN**

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Os Xulgados e Tribunais da cidade de Pontevedra serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidera ocorrer en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases.

#### **15. CONTACTO**

**Para máis información:**

[premios@terrasdepontevedra.org](mailto:premios@terrasdepontevedra.org)

<http://www.terrasdepontevedra.org>